



## 40 anos de *Encrucillada*

---

Andrés Torres Queiruga

Para min esta celebración representa unha dobre alegría. Síntome na nosa Academia, como casa comunal da palabra que nos une, e celebrando emocionado estes 40 anos de presenza modesta pero tenaz da nosa *Encrucillada*. Non podemos pretender ter unha revista con aires internacionais, pero creo que conseguimos para ela unha dignidade recoñecida e mesmo unha presenza en bibliotecas en centros e facultades fóra de Galicia.

Como indica o seu nome, a nosa revista naceu nunha encrucillada importante. Estaba o impacto eclesial do Concilio Vaticano II, que foi unha explosión de esperanza, de creatividade relixiosa e de ilusión de futuro. Estaba a revolución mundial do 68, que resolveu o planeta e fixo soñar utopías. Estaba finalmente o espertar da nova conciencia de Galicia, que volvía á súa propia conciencia após un longo estrañamento histórico.

*Encrucillada* naceu para responder a eses tres retos, con clara vontade de atopar unha síntese na dobre identidade de ser galega e de ser cristiá. Tenta conciliar dalgún xeito as dúas fortes querenzas que definen o ser máis fondo dos que traballamos nela. Buscamos un cristianismo que se encarna na propia terra, na propia cultura, no propio idioma; un cristianismo que responda evanxelicamente aos retos da actualización que marcaba o momento do concilio co seu entusiasmo.

Non cabe negar que, se pensamos a relación entre a cultura galega e o pensamento e vivencia cristiá, a situación naquel momento era moito máis viva que a de agora. Daquela había máis entusiasmo, máis movemento, máis ilusión, máis esperanza. Hoxe

todo está máis murcho e aparece esvaecido. Mesmo creo que cabe falar dun claro e triste apagón.

No *mundo*, o 68 non é o que era. En *Galicia* produciuse unha baixa de tensión, unha grave astenia na vida da Igrexa. O concilio foi esmorecendo nos últimos pontificados; non no último, por suposto. Achatouse moito a vitalidade relixiosa e as esperanzas desfaleceron. *Encrucillada* está agora nun momento crítico, no seu intento de crear unha comunicación viva, de construír unha urxente interface entre fe e galeguidade, entre a Igrexa e o noso mundo sociocultural, pois nel vive e a el se debe, conforme á lei da encarnación fundamental para o cristianismo.

Resulta evidente que na Galicia actual existe un grave déficit neste campo: non hai diálogo. Os que pensamos e traballamos no terreo da fe non atopamos eco real no mundo da cultura, e os que traballan na cultura non encontran o eco esixido a nunha igrexa que se deixe interpelar e colaborar.

Esperemos que *Encrucillada*, para usar unha metáfora evanxélica, asuma o seu deber de ser lévedo ou fermento, de semente que vaia creando unha nova relación, abrindo esperanza e propiciando un achegamento que nos enriquecería a todos. Sairía gañando Galicia co impacto evanxélico e gañaría a igrexa co impacto renovador que lle chega dos movementos culturais e da inquietude social.

Os esforzos que se fan desde a cultura comprometida con Galicia están a ser enormes. É necesario que a igrexa teña a sensibilidade de aproveitar esa riqueza, acordando á chamada das súas raíces e renovando, como alguén recordaba xa no Banquete de Conxo, a enerxía que lle vén do «humilde Carpinteiro de Nazaret». É triste que na nosa xerarquía estea tan apagado o interese por encarnar o Evanxeo en Galicia, mesmo esquecendo e desobedecendo ao Concilio galego: un concilio que a igrexa galega se deu a si mesma, pero que está desatendido e como sepultado no seu goberno oficial.

Pero sería inxusto acabar con pesimismo. É precisa, xusta e precisa, unha chamada á esperanza. Esa esperanza á que a todos nos

convoca esta celebración. Celebrar 40 anos dunha empresa sen apoio oficial, feita con gratuidade e movida unicamente pola intención de servir ao Evanxeo en Galicia e a Galicia desde o Evanxeo, mostra que o traballo é posible. A súa existencia e persistencia constitúe por si mesma unha proba de que o traballo é posible e de que o esforzo paga a súa pena. *Encrucillada* ten que ser unha bandeira de esperanza comunal.

*Deus fratresque Gallaecia* continúa a ser unha chamada, unha invitación a manter acesa unha fogueira que, herdada dun tempo seminal, non podemos consentir que esmoreza ou se apague.

**Andrés Torres Queiruga**  
Presidente da Asociación Encrucillada